



## **MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA, E A AUTORIDADE PORTUARIA DE MARÍN E RÍA DE PONTEVEDRA, PARA A PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE E INFORMACIÓN OCEANOMETEOROLÓXICA NO ENTORNO DO PORTO DE MARÍN**

Segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, este departamento é o órgano da Administración Autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias para a xestión do sistema de observación e predición meteorolóxica de Galicia.

Para a xestión destas competencias conta dentro da súa estrutura orgánica coa Subdirección Xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático, dependente da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

Dita Subdirección ten entre os seus obxectivos a elaboración da predición meteorolóxica específica para Galicia, a observación de variables ambientais e a prestación doutros servizos en relación coa meteoroloxía e climatoloxía en Galicia, e para iso conta actualmente conta cunha extensa rede de estacións meteorolóxicas e oceanográficas. Estas redes de observación complementáanse con modelos numéricos que permiten predicir o comportamento atmosférico e oceanográfico con días de antelación.

Por outra banda, a Autoridade Portuaria de Marín e a Ría de Pontevedra é un organismo público coas competencias establecidas no artigo 25 do Real Decreto Lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante. Dito Organismo público portuario dispón de diversas infraestruturas, destacando como máis relevantes os peiraos, viais, explanadas e instalacións.

Nas instalacións portuarias de Marín, a Autoridade Portuaria desenvolve actuacións





directamente relacionadas coa actividade portuaria necesarias para o cumprimento das súas funcións e, ademais, para atender as posibles deficiencias da iniciativa privada.

En vista do indicado convén establecer un convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Autoridade Portuaria de Marín e a Ría de Pontevedra, co obxecto de colaborar no control e verificación do cumprimento dos requisitos legais aplicables en materia de medio ambiente das actividades comerciais desenvolvidas dentro da zoa do Servicio do Porto de Marín, no desenvolvemento e aproveitamento dos recursos de seguimento de variables oceanometeorolóxicas e dos modelos numéricos de diagnóstico e de predición meteorolóxica e oceánica para a redución de riscos nas operacións de tráfico e explotación portuaria, e nos mecanismos de formación, sensibilización e asesoramento que fomenten a mellora do comportamento ambiental nas actividades portuarias.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar, coa Autoridade Portuaria de Marín e a Ría de Pontevedra, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de 4 anos dende a súa publicación no Boletín Oficial do Estado e inscrición no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e instrumentos de Cooperación do Sector Público.

O convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e a Autoridade Portuaria de Marín e a Ría de Pontevedra para as actividades descritas, nas que se inclúe o mantemento de aquelas estacións meteorolóxicas que se instalen no recinto portuario.

Polo tanto, trátase de desenvolver unha actuación de colaboración para a consecución dun obxectivo común ás partes, na que ambas realizan achegas de medios persoais e materiais, sen que exista ningún tipo de custe económico para ningunha das participantes, dado que a súa realización se deriva da execución das competencias que lles son propias.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E VIVENDA  
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e  
Cambio Climático

San Lázaro s/n  
15781 - SANTIAGO DE COMPOSTELA



ordenamento xurídico español, as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

(Asinado dixitalmente)

María Cruz Ferreira Costa



Xacobeo 2021

